

# N

**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 152 8-14 ABRIL '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)



## AXUDAS AO TURISMO

Innovación e Industria destina máis de 10,4 millóns de euros á dinamización do Turismo con intervencións sustentábeis en 2008

A Consellería de Innovación e Industria destinará un importe global de 10,43 millóns de euros para subvencionar actuacións sustentábeis en Galicia en materia de Turismo, que contribuirán ao desenvolvemento socioeconómico equilibrado de todas as comarcas galegas.

A maior parte do orzamento do programa de axudas destinarase á creación e mellora de establecementos turísticos (6,53 millóns de euros), seguida do fomento do Turismo no medio rural (2,5 millóns de euros); o fomento das festas populares e outros eventos de contido turístico (800.000 euros), e o acondicionamento de zonas de costa para o baño (600.000 euros).

O prazo para a presentación de solicitudes é dun mes a partir da publicación no DOG das ordes reguladoras destas axudas, que terá lugar esta semana.

### Establecementos turísticos

A Consellería de Innovación e Industria subvencionará tanto a creación como a mellora de establecemen-

tos, aínda que no caso da creación unicamente se apoiarán os novos establecementos de carácter singular. Estes poderán ser edificios recuperados en núcleos históricos, edificacións dun valor singular dende o punto de vista patrimonial ou etnográfico, conxuntos dun mínimo de tres casas para seren convertidos en aldeas de Turismo Rural, balnearios e centros de talasoterapia. Pola súa banda, a mellora de establecementos refírese a actuacións encamiñadas a aumentar a categoría do establecemento, a modernizar as súas instalacións e a incorporar enerxías renovábeis e sistemas de calidade para a obtención de certificacións.

### Turismo no medio rural

Subvencionaranse tamén proxectos de especial interese turístico, como a creación e comercialización de paquetes turísticos no rural; o uso de novas tecnoloxías na promoción deste tipo de Turismo; as infraestruturas para actividades hípcas e campamentos de verán, e a creación e mellora de campos de golf. Neste

caso, priorizaranse as actuacións en lugares con tendencia ao despoboamento e con algún tipo de protección ambiental, así como a singularidade e innovación da proposta, resaltando os elementos propios diferenciadores do país.

As dúas liñas de axudas contemplan porcentaxes de ata o 30 por cento do investimento (40 por cento en caso de PEME).

### Festas populares e zonas de baño

Así mesmo, Innovación e Industria subvencionará aos Concellos a organización e desenvolvemento de festas e eventos de interese turístico, e priorizará, entre outros aspectos, os efectos económicos que supoñan.

Ademais, apoiará aos Concellos para que acondicionen zonas de baño, contemplando actuacións de mellora nos accesos ás praias e nos espazos de uso turístico. Subvencionaranse tamén as adaptacións ao medio natural das infraestruturas e os equipamentos para a accesibilidade e a eliminación de barreiras arquitectónicas na praia.